

A hand holding a green marker with a white label that says 'RECOÑECIMENTOS'. The background features a green checkmark and a green arrow pointing up, both inside a grey square frame. The hand is brown and the marker is green. The label is white with a purple border.

**RECOÑECIMENTOS**

# 1 RECOÑECIMENTOS

## Concepto de discapacidade

Son persoas con discapacidade aquelas que presentan deficiencias físicas, mentais, intelectuais ou sensoriais, previsiblemente permanentes que, ao interactuar con diversas barreiras, poidan impedir a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións cos demais.

Terán a consideración de persoas con discapacidade aquelas ás que se lles recoñecese un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%. O certificado do grao de discapacidade responde a criterios técnicos unificados, fixados mediante baremos establecidos por normativa estatal.

## Revisión grao de discapacidade

O grao de discapacidade será obxecto de revisión sempre que se prevea unha melloría razoable das circunstancias que deron lugar ao seu recoñecemento, debendo fixarse o prazo en que debe efectuarse esta revisión. No caso de que o carácter da valoración sexa definitivo, poderá revisarse transcorrido un prazo de 2 anos, achegando a documentación que xustifique as modificacións. Non será preciso esgotar o prazo de dous anos nos casos en que se producen cambios substanciais nas circunstancias que deron lugar ao recoñecemento.

As persoas que consideren que se produciu un empeoramento na súa situación poden solicitar unha revisión do grao de discapacidade por agravamento, independentemente de que a prórroga do certificado houbese ou non expirado.

## Solicitud

As solicitudes poderán presentarse vía presencial nos Servizos Sociais Comunitarios do concello de referencia ou nas Xefaturas Territoriais da Consellería de Política Social e vía Sede Electrónica ou por rexistro xeral da Xunta.

## Quen avalía

Este recoñecemento efectúase a través dos Equipos de Valoración e Orientación (EVO). A cualificación do grao de discapacidade que realicen os órganos técnicos competentes será independente das valoracións técnicas efectuadas por outros organismos no exercicio das súas competencias públicas.

## Órgano competente no recoñecemento

Están localizados nas sete cidades galegas, nos enderezos seguintes:

### A Coruña

Rúa Vicente Ferrer 2. Edif. Admvo. Ala Sur Monelos, 15008.

Tlf: 981 182 501-981 182 502-981 182 503

### Ferrol

Praza Camilo José Cela, s/n. Edif. Admvo. de Ferrol, 3º andar, 15403.

Tlf: 981 337 232-981 337 234-981 337 235

### Lugo

Rúa Serra dos Ancares, 68 baixo, 27003

Tlf: 982 889 145- 982 889 133

### Ourense

Rúa Sáenz Díez 33 baixo, 32003

Tlf: 988 386 157- 988 386 158- 988 386 160- 988 386 160

### Vigo

Rúa Rúa Faisán 12, 36205

Tlf: 886 120 710

### Pontevedra

Avenida de Vigo 16 baixo, 36003

Tlf: 986 844 740

### Santiago

R/ Queixeme dos Pinos, 2

Edificio CEGADI, 15705

Telf 881 999 236

**NORMATIVA DE REFERENCIA:** consultar versións vixentes

Real decreto 1971/1999, de 23 de decembro, de procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade.

Orde de 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade, e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Política Social

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/discapacidade>

## Tarxeta de recoñecemento do grao de discapacidade

**TITULARES:** Persoas que teñen recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33% (e teña o expediente na Comunidade Autónoma de Galicia).

### PROCEDEMENTO DE EXPEDICIÓN:

De oficio: cando a resolución do grao de discapacidade ou de revisión se dite despois do 5 de agosto de 2016, ou persoas que teñan unha solicitude de revisión en curso.

Terán que presentar solicitude asinada aquelas persoas que xa teñen recoñecido un grao de discapacidade, provisional ou definitivo, antes do 5 de agosto de 2016, e no caso de perda ou substracción da tarxeta.

### MODO DE SOLICITAR A TARXETA:

Modelo (Anexo II) se xa se ten acreditada unha discapacidade.

Modelo (Anexo III) no caso de perda ou subtracción.

Solicitude vía electrónica:

<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=BS611B>

### NORMATIVA DE REFERENCIA:

Orde do 20 de xullo de 2016 pola que se crea a tarxeta acreditativa do grao de discapacidade e se regula o procedemento para a súa obtención

ORGANISMO DE REFERENCIA: Consellería de Política Social

<https://politicassocial.xunta.gal/gl/temas/discapacidade>

## Recoñecemento situación de dependencia

**CONCEPTO:** os equipos de valoración da dependencia serán os que valoren a capacidade da persoa para levar a cabo por si mesma as actividades básicas da vida diaria, así como a necesidade de apoio e supervisión para a súa realización por persoas con discapacidade intelectual ou con enfermidade mental.

**REVISIÓN GRAO DE DEPENDENCIA E PRESTACIÓN RECOÑECIDA:** o grao de dependencia será revisable, por instancia da persoa interesada, dos seus representantes ou de oficio polas administracións públicas competentes, por algunha das seguintes causas:

- Melloría ou empeoramento da situación de dependencia.
- Erro de diagnóstico ou na aplicación do correspondente baremo.

As prestacións poderán ser modificadas ou extinguidas en función da situación persoal da persoa beneficiaria cando se produza unha variación de calquera dos requisitos establecidos para o seu recoñecemento, ou por incumprimento das obrigas reguladas nesta lei.

**NORMATIVA DE REFERENCIA:** consultar versións vixentes.  
Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción

da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia  
Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e o funcionamento dos órganos técnicos competentes, e a Orde do 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do anterior decreto.

**ORGANISMO DE REFERENCIA:** Consellería de Política Social  
<https://politicasocial.xunta.gal/gl/temas/maiores-e-dependencia>

## Incapacidade laborais permanentes. Equiparacións

Para determinados ámbitos expresamente identificados na lexislación específica sectorial, poden considerarse que presentan unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33% as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao de total, absoluta ou gran invalidez, e aos pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo, en virtude do previsto no artigo 4.2 do Real decreto legislativo 1/2013, de 29 de novembro

que aproba o texto refundido da Lei de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Non obstante, dita equiparación a raíz do criterio xurisprudencial do Tribunal Supremo (STS 992/2018; 994/2018), e da sentenza do TSXG de 21 de novembro de 2019, non se ostenta automaticamente a todos os efectos, xa que o Real Decreto Lexislativo excedeuse na súa refundición ao modificar os termos recollidos nas leis refundidas. Isto conleva que as persoas pensionistas terán que ser valoradas conforme aos criterios técnicos unificados de valoración da discapacidade, para alcanzar o grao de discapacidade que lle corresponda.

**NORMATIVA DE REFERENCIA:** Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social.

Doutrina Tribunal Supremo: a Sala Cuarta do Tribunal Supremo ditou tres sentencias, nº 992, 993 e 994, resolvendo senllos recursos de unificación de doutrina, nas que declarou ultra vires o artigo 4.2 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de Dereitos das persoas con discapacidade e a súa inclusión social, confirmando a súa inaplicación.

**ORGANISMO DE REFERENCIA:** INSS  
<http://www.seg-social.es/> Clases pasivas  
<https://www.portalclasespasivas.gob.es>